

## "IES de Ortigueira": a mellor homenaxe ao pobo unido que decidiu mollarse para conseguilo.

Cúmprense 40 anos da posta en funcionamento do Instituto de Ortigueira e un pequeno grupo de persoas que pasamos polas súas aulas tomamos a iniciativa de organizar unha xornada de convivencia con tal motivo. Trátase de propiciar o reencontro, como é normal, mais tamén se trata de facer un recoñecemento á comisión que fixo as xestións para que a nosa comarca contase con este servizo público e ao profesorado e persoal de administración que entregaron á comunidade educativa a súa dedicación durante máis ou menos tempo ao longo destes catro decenios.

No proceso de preparación do encontro, puxémonos en contacto co actual director, o profesor Carlos Emilio Rodríguez Legarreta, que nos ofreceu a colaboración persoal e institucional e que nos fixo de guía nunha visita ás instalacións que nos deixou moi gratamente impresionados. Nese ambiente, mantivemos a conversa que agora compartimos a través das páxinas de La Voz de Ortigueira.

O actual director do Instituto é fillo dun dos integrantes da comisión veciñal que tomou a iniciativa para que contásemos na comarca cun centro oficial para a obtención do título de bacharelato. Quen formaba aquela comisión? Como recordaba teu pai aquela experiencia?

*Naquela comisión había persoas de Ortigueira e tamén representantes das diferentes parroquias. Eu penso que non se debe personalizar. Está este semanario para quen desexe ir á historia. Meu pai, coma moitos outros pais e nais, con 4 fillos daquela, que despois foron cinco, tiña un interese lóxico en que o instituto viñese para Ortigueira, pois era iso ou ir pensando en cambiar de pobo. Non lles quedaba outra. Por iso houbo tanta unión.*

Cando o Instituto xa conseguira consolidarse, Carlos Emilio Rodríguez Legarreta foi alumno do centro. Como viviu o cambio do grupo escolar para o centro de bacharelato?

*A verdade é que era unha revolución. Pasabas do colexio de EXB no que todo estaba moi medido e no que a diversidade do profesorado non pasaba de certos límites, aínda que había excepcións, a un novo centro no que atopabas persoal moi diverso desde o punto de vista ideolóxico, o que sen dúbida é moi enriquecedor para o pensamento dos nenos. Penso que nós como alumnos, e Ortigueira en xeral, ficou sorprendida ante tanta diversidade. Penso que o Instituto, con todo aquel profesorado novo que ía chegando de diferentes partes de Galiza e do estado aportou moita luz ao pobo, recién rematada a ditadura.*

*Tamén é verdade que daquela aínda non estaban ben definidas as funcións nos centros e o cambio era tan radical que se producían numerosas situacións de descontrol que hoxe serían impensábeis en centros educativos. Eran outros tempos.*

Dirixindo a vista para o pasado, como valoras o paso como alumno polo Instituto? Cal é o balance?

*O balance é moi positivo, non só porque é unha etapa decisiva na vida de todas as persoas, mais tamén por esa apertura que tanta diversidade ideolóxica aportaba ao noso*

*intelecto. Ata podería nomear profesorado do centro que, mesmo sen ser alumno del, influíu de xeito directo no xeito que teño de entender o mundo eu, e supoño que moitas máis persoas. E lembro de xeito especial a Jorge Peteiro, o meu primeiro titor, que non tiña vocación de docente e deixou o ensino ao ano seguinte, mais que axudou a entender que no mundo das belas artes había moitos máis camiños dos que pasaban polo noso limitado entendemento. A súa traxectoria de éxito como artista foi seguida por moitos de nós. E aí é onde podemos entender que ás veces as mensaxes tardan en ser entendidas polo alumnado.*

Desde cando o ex-alumno é profesor do centro? E desde cando está comprometido coa súa xestión?

*Eu só deixei o instituto seis anos, cinco para facer os meus estudos e un para preparar o CAP e a oposición. Voltei como profesor no ano 95 e no 97 fun escollido por Albino para exercer de vicedirector. Desde aquela fun pasando por todos os cargos segundo as necesidades, e no ano 2012 decidín presentarme para director. En total levo 21 anos no equipo directivo, onde todos facemos de todo, ata reparacións.*

Agora mesmo cal é o número de alumnado matriculado? Dese total, cantos mozos e mozas están cursando formación profesional?

*Agora somos 254, e deles temos 11 na FP básica e 15 na FP de grao Medio. Realmente é unha porcentaxe pequena. A sociedade aínda non remata de entender que hai que aumentar a porcentaxe de persoas que estudien FP, e Ortigueira tivo tal teima por mandar aos seus fillos á Universidade que descuidou esta rama formativa moitos anos.*

Para atender toda esta diversidade, con que recursos humanos conta o centro? A cantas persoas dá traballo?

*O centro chegou a ter máis de 50 persoas empregadas. Na actualidade, como consecuencia do aumento das horas semanais de traballo ao profesorado somos 44, 38 para a docencia, e seis para administración e servizos. Ademais hai outra persoa que atende a cafetería, e unha empresa que xestiona un pequeno comedor escolar, polo que somos a segunda “empresa” de Ortigueira en postos de traballo, despois do Concello.*

Neste momento, cales son as prioridades da xestión directiva?

*A prioridade é a de atender do mellor xeito á diversidade. Non perder a ningunha persoa como consecuencia do baixo rendemento académico e das circunstancias persoais que moitas veces dan lugar a el. Penso que aí estamos a marcar a diferenza con outros centros. Cando o goberno implantou a FP básica, lonxe de vermos iso como un problema, decidimos anticiparnos e invertir na adaptación dos espazos no que impartila coa mellor calidade. O profesorado, no lugar de cargar contra a administración pola improvisación púxose mans á obra, e eles mesmos, co alumnado, transformaron dúas aulas en talleres, e o centro mercou maquinaria e pediu parte dela a outros centros que tiñan ciclos formativos parados. A sociedade ten que comprender que agora máis ca nunca a formación profesional é o futuro, e nós levamos moitos anos pelexando por isto. Porque aínda hai quen pensa que o instituto é só un lugar de preparación de bachareles, e hai outros camiños tanto ou máis importantes, que o mercado laboral está a requerir. No*

*que ten que ver coa ESO e o Bacharelato tratamos de manter unha boa oferta formativa, e valoramos de xeito moi positivo a implicación de todo o profesorado na organización de numerosas actividades extraescolares.*

*Na xornada do próximo 3 de novembro poderemos contar cunha visita guiada para que xente da comarca poda ver en primeiro plano o equipamento do centro?*

*O centro é da xente de Ortigueira, e iso é algo que tratamos de explicar sempre aos pequenos. De feito, as circunstancias que precederon á súa construción, fan que desde o equipo directivo consideráramos que non debe levar o nome de ninguén, porque foi o pobo unido, en Ortigueira e na emigración, o que decidiu mollarse para acadar aqueles oito millóns de pesetas que faltaban para a súa construción. E o nome “IES de Ortigueira” é a mellor homenaxe que podemos facer a todos eles.*

*Polo tanto, aínda que a idea do centro era agardar ao 50 aniversario desde o equipo directivo estamos a disposición do que Ortigueira e o requira de nós.*

*Bernardo Penabade (alumno da primeira promoción, antigo profesor do centro e profesor de Lingua Galega no IES Perdouro de Burela)*